

Alicia



ROSA
ANEIROS

Dinos a poeta Olalla Cociña dende o *Libro de Alicia*: “Nunca agardou. sabía que a soidade da derrota é unha torre de almafí/ a onde te envían en agarimoso exilio/ e por máis que porfiase en enres-trar cabelos/ memorizar prega-rias/ dar voltas e máis voltas no descoidado xardín/ ninguén a crería cando falase do tesouro, das cordas, do rescate”. Adoita-mos acumular derrotas, crisan-temos para lápidas de cemite-rios grises que nos saúdan con ira dende as páxinas de sucesos. Á muller outórgasenos un día no calendario para as nosas mortas. O 8 de marzo é o día da muller traballadora! advirte a efemé-ride. Pero sempre conmemora-mos as ausentes, as escravas, as silenciadas. Xulia Aranda ofré-cenos dende *Inédito*, o espazo fotográfico coordinado por Ma-nuel Sendón, a súa serie fotográ-fica *Burkas*. Nela vén a labaza-da da incomodidade como bele-za, a estética como cárcere, a ly-cra das medias que estilizan con-vertidas en burkas que afogan. Contra a imposición e os epita-fios xorden centos, milleiros de Alicias coma a de Olalla Cociña quen berra como vinganza, co-mo desexo, como esperanza: “O horizonte está en ti. Non existe continente ningún que te con-teña”. Ninguén, efectivamente, nos crerá cando falemos do te-souro, das cordas, do rescate.●